



No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Samos, sendo as trece horas do d3a **TRES DE XUÑO DE DOUS MIL DEZASEIS**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Julio Gallego Moure, comparecen os Sres. Concelleiros D. Jos3 Antonio Garc3a Jurjo, Dona Marisol Orille D3az, D. Juan Lu3s L3pez D3az, D. Jos3 Manuel Campo L3pez, Dona Maria del Carmen Abad Rodr3guez, D. Jos3 Antonio Real V3zquez, e D. Jos3 Aurelio L3pez L3pez; non asiste D. Manuel L3pez Armesto; asistidos polo Secretario municipal D. Jos3 L3pez Gonz3lez, que da fe do acto, co obxecto de celebrar sesi3n “ordinaria” do **PLENO** deste Concello en primeira convocatoria, previa 3 mesma.

Aberto o acto pola Presidencia procedese a tratar os asuntos que figuran na orde do d3a da convocatoria, que son do teor seguinte:

13.- APROBACI3N, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESI3N ANTERIOR DE DATA 01/04/2016.

Ao abeiro do sinalado polo art. 91.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organizaci3n, Funcionamento e R3xime Xur3dico das Entidades Locais, por parte do Sr. alcalde preg3ntase aos Sres. concelleiros asistentes se te3nen que facer algunha observaci3n ao borrador da acta da sesi3n anterior de data 01/04/2016, que lles foi entregado xunto coa orde do d3a. T3dolos asistentes sinalan que non te3nen ningunha obxeci3n, polo que queda aprobado nos termos nos que est3 redatado por unanimidade dos asistentes (oito votos a favor), sendo nove o seu n3mero legal de membros.

23.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALD3A-PRESIDENCIA.

Aos efectos de cumprir co sinalado no artigo 42 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organizaci3n, Funcionamento e R3xime Xur3dico das Entidades Locais, d3ase conta dos Decretos de Alcald3a ditados dende o 30 de marzo ata o 30 de maio de 2016.

Os Sres. concelleiros d3anse por enterados.

33.- DAR CONTA DA ACTUALIZACI3N E DATOS DE EXECUCI3N DO PRESUPUESTO E/OU ESTADOS FINANCIEROS INICIAIS DAS ENTIDADES QUE FORMAN PARTE DO SECTOR DAS AAPP DA CORPORACI3N, CON MOTIVO DA RENDICI3N DAS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRO DE INFORMACI3N CORRESPONDENTE AO 13 TRIMESTRE DE 2016.

O Sr. alcalde cede 3 palabra 3 Secretar3a-Intervenci3n para que d3e conta aos Sres. concelleiros que en cumprimento do art. 16 da Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de informaci3n previstas na Lei Org3nica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financieira, na redaci3n dada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, en data 30/04/2016 rendiuse pola Secretar3a-Intervenci3n a trav3s da aplicaci3n habilitada ao efecto na p3xina da oficina virtual para a coordinaci3n financeira coas entidades locais, a “actualizaci3n e datos de execuci3n do presuposto e/ou estados financeiros iniciais das entidades que forman parte do sector das administraci3ns p3blicas da corporaci3n” con motivo da rendici3n das obrigas trimestrais de subministro de informaci3n correspondente ao 13 trimestre do exercicio de 2016, concluíndo no Informe presentado o cumprimento dos obxectivos. O resgardo de env3o as3 como a documentaci3n rendida p3xose a disposici3n dos Sres. concelleiros.

Os Sres. concelleiros d3anse por enterados.



4º.- DAR CONTA DO PMP CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2016.

O Sr. alcalde cede a palabra á Secretaría-Intervención que dá conta aos Sres. concelleiros do periodo medio de pago correspondente ao 1º trimestre do exercicio 2016, o cal foi rendido por Secretaría-Intervención con data 30/04/2016 a través da aplicación habilitada ao efecto na páxina da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais. O detalle o informe é:

Ratio operacións pagadas: -14,02
Importe pagos realizados: 186.306,63 €
Ratio operacións pendentes: -25,96
Importe pagos pendentes: 7.698,96 €
PMP: -14,49

PMP Global:
Importe pagos realizados: 186.306,63 €
Importe pagos pendentes: 7.698,96 €
PMP: -14,49

O signo negativo tanto nas operacións pagadas como nas pendentes de pago indica que o concello paga antes do transcurso dos trinta días naturais dende a presentación das facturas ou certificacións de obra ou que ao final do periodo para a remisión da información aínda non transcurriu, nas operacións pendentes de pago, esos trintas días.

O resguardo de envío así como a documentación rendida púxose a disposición dos Sres. concelleiros.

Os Señores concelleiros dánse por enterados.

5º.- ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN Á ASUNCIÓN DAS FUNCIONS DE TESOURERÍA POLA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN MUNICIPAL.

Consta no expediente, a proposta de Alcaldía co seguinte tenor literal:

“ASUNTO: ASUNCIÓN DAS FUNCIONS DE TESOURERÍA E RECADACIÓN POLA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN MUNICIPAL.

Visto que por Decreto de Alcaldía de data 15 de xuño de 2015 designouse como tesoureira do concello de Samos á Sra. concelleira D^a. Marisol Orille Díaz. O Pleno Corporativo en sesión de data 7 de xullo do mesmo ano ratificou o citado Decreto, facendo efectiva a solidariedade na responsabilidade derivada das funcións de Tesourería entre os Concelleiros nos termos preceptuados pola Orde do 16 de xullo de 1963 pola que se aproban Instruccións sobre o réxime da Depositaria de Fondos non servidas por funcionarios pertencentes ao Corpo Nacional, Instrucción oitava, punto 1.

Visto que o artigo 3 do Real Decreto-lei 10/2015, de 11 de setembro, modifica o apartado 2 do artigo 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e atribúe aos funcionarios pertencentes á Subescala de Secretaría- intervención as funcións de secretaría, comprensivas da fe pública e o asesoramento legal preceptivo, de control e a fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, e de contabilidade, tesourería e recadación, non podendo ser desempeñadas estas funcións por concelleiros.



Visto o que antecede e o Informe de Secretaría-Intervención emitido en data 18 de abril do 2016, **PROPOÑO AO PLENO CORPORATIVO A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Revogar o Acordo Plenario de data 07/07/2015 polo que se nomeaba concelleira-tesoureira do concello de Samos a D^a Marisol Orille Díaz.

SEGUNDO.- Que como consecuencia da reforma do apartado segundo do artigo 92.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, as funcións da tesourería e recadación municipal pasen a ser desempeñadas temporalmente pola Secretaría-Intervención deste concello.

TERCEIRO.- Adoptar inmediatamente a substitución oportuna na tesourería do concello. Para ese efecto, por mandato legal de obrigado cumprimento debe levantarse, acta de arqueo de cesamento (saínte) / toma de posesión (entrante) ou documento similar en orde a fixar un momento temporal de traspaso de funcións, así como das responsabilidades inherentes a ela. A partir dese momento, unicamente existirán xa dous claveros e cuentadantes (Alcalde e Secretaria-Interventora-Tesoureira).

CUARTO.- Comunicar ás entidades financeiras esta nova situación, de tal forma que as persoas autorizadas para o manexo de fondos municipais, e por tanto, os claveros, pasan a ser dous (Alcalde e Secretaria-Interventora-Tesoureira) en lugar de tres, como eran ata agora.

QUINTO.- Deberán poñerse a disposición da Secretaría-Intervención deste Concello os medios humanos e materiais que resulten necesarios en orde a cumprir adecuadamente coas novas funcións de tesourería e recadación asignadas ao posto de traballo.

SEXTO.- No caso de que as funcións de tesourería fosen asignadas con carácter definitivo ao posto de Secretaría-Intervención segundo a interpretación xurídica da nova redacción do artigo 92 bis da LRBRL que para ese efecto realice o MINHAP, o complemento específico do citado posto de traballo deberá adaptarse ás novas responsabilidades asignadas.

En Samos, a 27 de maio de 2016. O alcalde, Asdo.- Julio Gallego Moure”.

Non habendo máis intervencións, e por unanimidade dos oito (8) membros que asiten á sesión sendo nove o número legal de membros que integran o Pleno Corporativo, se **ACORDA** aprobar a Proposta de alcaldía anteriormente transcrita.

6º.- MOCIÓN CxG, PROPOÑENDO SE FAGAN AS XESTIÓNS OPORTUNAS ANTE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS PARA QUE SE CAMBIE O TRAMO DO RÍO QUE VAI DENDE A PONTENOVA Á PRESA DE BIZARRO QUE É DE PESCA SEN MORTE PARA TRAMO ACOUTADO DE PESCA OU LIBRE.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2016/706 en data 25 de maio para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:



“ José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG-CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Samos sempre se caracterizou por ter, dous ríos moi troiteiros como no argot pescantil se di. En tempos eran famosas e abundantes as colleitas de troitas de Lúzara, Frollais ou Renche. Pero se había un tramo apreciado polos pescadores de outras localidades ese era o que vai da Pontenova á Presa de Bizarro, xa sexa polo perto que está da estrada ou pola situación de cercanía á vila de Samos, donde non era difícil ver case a diario decenas de estes pescadores polas beiras do río, os cales chegadas as horas de comer ou descansar, deixaban os séus cartos nos establecementos hosteleiros ou de alimentación do pobo, e o que non comía no restaurante, mercaba pan, carne e outras moitas cousas para comer de merenda nas áreas habilitadas preto do río, acompañado da familia moitas veces.

Dende que este tramo foi declarado de pesca sen morte, esas decenas de pescadores tornáronse en dous ou tres na tempada que veñen pasar unhas horas sen máis polo río, sen facer gasto ningún nos negocios da vila

Polo que , propoño ó Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

1º.- Que se leven a cabo as xestións pertinentes coa Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas para que se cambie o tramo do río anteriormente citado, de pesca sen morte a tramo acoutado de pesca ou libre, como xa estivo anteriormente. ”

Rematada a lectura da moción se abre o turno das intervencións, coas seguintes:

- SR. ALCALDE.- Debe saber vostede que o Plan Galego de Ordenación de recursos piscícolas e ecosistemas acuáticos de Galicia ten por obxecto conservar os recursos dos noso ríos e di que a pesca sen morte é unha ferramenta fundamental para a recuperación de especies autóctonas como a “Troita Galega”. Din tamén estudos realizados que o pescador visitante está concienciado cada vez máis, e tende a seleccionar as zonas onde hai implantada esta norma porque hai máis peixes e son máis grandes.

Recórdolle que non todo é válido para facer negocio, tamén temos o deber e a obriga de conservar os recursos dos nosos ríos para as xeracións que veñen.

Ademáis medra o número de Comunidades Autónomas que aumentan o número de ríos con pesca sen morte e nós pola contra, segundo pide vostede, debemos eliminala. Non fala vostede moitas veces de coidar e preservar, pois aplíquese o conto.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Noutros tempos facíanse repoboacións, e a moción presentada sería boa para o pobo e para a súa economía, porque agora veñen pescar non máis de dúas persoas.



- SR. LÓPEZ LÓPEZ, PARTIDO POPULAR.- Di que a Consellería terá un criterio para ter o río dun xeito ou doutro, entendo que o primeiro sería pedir información á Consellería sobre en que estado se atopa e por canto tempo este tramo é de pesca sen morte.

Rematadas as intervencións, o Pleno do Concello procede á votación, arroxando o seguinte resultado:

- Votos a favor: 1 (Grupo mixto)
- Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)
- Abstencións: 1 (Grupo municipal do Partido Popular)

Polo que non se aproba a Moción anteriormente transcrita.

7º.- MOCIÓN CxG, PROPOÑENDO ARRANXOS NO PAVILLÓN DE DEPORTES PARA MANTELO EN BO ESTADO.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2016/705 en data 25 de maio para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“ José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG-CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Visto o estado actual do pavillón de deportes que fai que sexa perigosa a práctica de calquera disciplina deportiva nos días de choiva, e velando pola seguridade dos rapaces do colexio e a xente que usa a diario ese recinto, e para que o equipo local de fútbol sala poida xogar a tempada 2016 – 2017, e organizar o vindeiro ano o torneo que se lle adica a ese deporte en semana santa, e de urxencia executar as seguintes obras:

Tapar as goteiras que caen na pista.

Limpar canalóns e baixantes do teito xa que fan que caiga auga polas paredes.

Arranxar grifos e filtro da caldeira, que tamén verten auga, así como os azulexos dos vestiarios.

Estas obras de mantemento non poden precisar de un gran presuposto sin embargo poden facer que o noso pavillón non presente o estado que presenta.

Por todo isto, propoño ó Pleno o seguinte acordo:

ACORDO

1º.-Que se leven a cabo as obras anteriormente citadas para manter en bo estado o Pavillón de deportes”.

Rematada a lectura da moción se abre o turno das intervencións, coas seguintes:

- SR. ALCALDE.- Exaxera vostede moito cando fala do pavillón, outros deberían ver por aí como están, o de Samos ten unha pista fantástica que fixemos nova hai uns anos,



marcador dixital, placas solares para quentar a auga das duchas e cada certo tempo faise o mantemento e reparación das cousas que necesita.

Lembrolle por se non o sabe que o pavillón tamén é competencia de Educación, de feito son os nenos do colexio quen máis o usan, polo tanto debe ter en conta que o retellado non é só cousa nosa, por iso mandaremos un escrito á Delegación para que colabore no seu arranxo.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Di que se dea unha volta pola provincia porque se o de Samos é dos mellores que veña Dios e o vexa.

- SR. LÓPEZ LÓPEZ, PARTIDO POPULAR.- Di que todo o que sexa mellor para o pobo é positivo.

Rematadas as intervencións, o Pleno do Concello procede á votación, arroxando o seguinte resultado:

- Votos a favor: 2 (o Concelleiro do Grupo mixto e un concelleiro do grupo municipal do partido popular).

- Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)

Polo que non se aproba a Moción anteriormente transcrita.

8º.- MOCIÓN CxG, PROPOÑENDO LEVAR A CABO AS XESTIÓNS PERTINENTES PARA A RECUPERACIÓN DUN DÍA DE FEIRA OU MERCADO NA VILA DE SAMOS.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2016/707 en data 25 de maio para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“ José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG-CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Co paso dos anos, os cambios producidos na comercialización dos produtos alimenticios en xeral e dos agropecuarios en particular foron de gran relevancia, motivados principalmente polas melloras nos medios e vías de comunicación e polo despoboamento do rural, provocando que as feiras e mercados do país foran perdendo forza hoxe, o que eran grandes concentracións de gandeiros coas súas reses para vender e mercar, se reduzan a mercados de roupa, ferramentas, alimentos, etc.

Aínda así estes mercados teñen grande repercusión nas vilas donde se siguen realizando; interés económico dende o punto de vista de intercambio e venda de produtos; antropolóxico, pola riqueza que ofrece o aspecto cultural e de tradición en xeral; histórico polo papel desempeñado no pasado e xeográfico pola súa función de ordenación e cohesión do territorio.

No Concello de Samos celebráronse feiras dende 1845, cada catro días en Castrocán, logo a apartires de 1936, serían en Castrocán os días 4 de cada mes, en samos, os días 1 e 15 de cada mes, e en San Cristobo do Real, tamén mensual. Dende o ano 1948, as



feiras quedaban desta forma: Samos 1 e 15 de cada mes, a Ponte de Lóuzara o 17 e Castrocán o 4. Aínda hoxe aparacen reflexadas na maioría dos calendarios de feiras de Galicia.

Sería polo tanto de grande interese para o Concello de Samos recuperar ese día de mercado, os días 1 de cada mes, con falta de gando, obviamente, pero que representaría traer xente á Vila e así darlle máis vida ós comercios e a hostalaría mesma, pois está comprobado que nos Concellos onde sigue habendo feira, os comerciantes locais seguen apoiando e defendendo, xa que para eles representa un día ó mes de grandes vendas, aínda que en principio pareza o contrario.

Por todo isto propoño ó Pleno o seguinte:

ACORDO

1º.- Que se leven a cabo as xestións para a recuperación dun día de Feira ou Mercado na Vila de Samos. ”

Intervencións:

- SR. ALCALDE.- É curioso que vostede que foi concelleiro de cultura do PP non se lle acordara daquela recuperar as feiras, que casualidade que sempre queren facer as cousas cando gobernan outros.

Se está tan interesado como di, aínda está a tempo, encárguese vostede, sempre e cando ao Concello non lle acarree gastos, os trámites burocráticos facémolos sen problema.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Di que no seu momento como concellerio de cultura, ideas tiña moitas, pero non lle facían nin caso.

- SR. ALCALDE.- Reitera que aínda está a tempo, que se pode encargar delo.

Non habendo máis intervencións o Pleno Corporativo procede á votación, resultando aprobada a Moción polos dous votos a favor dos Sres. concelleiros do Grupo municipal do Partido Popular e do Grupo mixto, e seis abstencións dos Concelleiros integrantes do Grupo municipal socialista, sendo nove o seu número legal de membros.

9º.- ASUNTOS URXENTES.

Para dar cumprimento ao sinalado no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde abre o turno de asuntos urxentes, sen que se plantexe ningún.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. alcalde da por iniciada a quenda de **ROGOS**, dando a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura ao presentado en escrito con R.X.E. nº 2016/704 en data 25 de maio, e que a continuación se transcribe:



“ 1.- Que se limpen e axeiten os tramos do Camiño de Santiago pertencentes ó noso Concello, pois en moitos sitios presentan serias deficiencias, as cales se poden solventar repoñendo zahorra en diversos tramos, e rozando herbas e maleza noutras, que fan que os peregrinos se teñan que botar á estrada.”

- SR. ALCALDE.- Decírlle que no Camiño de Santiago xa se está facendo a limpeza habitualmente e non se pode botar ningún tipo de material sen a autorización de Patrimonio. Nós só temos un Convenio de mantemento, das obras maiores encárgase o Xacobeo, non o Concello.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Di que o que sí pode o Concello e poñer en coñecemento e reclamar a quen corresponda que o Camiño estea nun estado axeitado.

- SR. ALCALDE.- Di que xa se dou traslado respecto das zonas perigosas do Camiño, enviando fotografías, sen que fixeran nada ao respecto.

Non formulándose máis rogos, o Sr. alcalde inicia a quenda das **PREGUNTAS**, cedendo a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura ás presentadas en escrito con R.X.E. nº 2016/704 en data 25 de maio, e que a continuación se transcriben:

“ 1.- En que consistiu a colaboración do Concello de Samos na ruta 4x4 de Pedrafita do Cebreiro, xa que apareceu no Cartel como colaborador? ”

- SR. ALCALDE.- A colaboración do Concello consistiu en que puxeron o escudo do Concello porque a ruta pasou por territorio de Samos, simplemente iso, non se puxeron cartos ningún, deixe de inventar.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Eu non invento nada só pregunto.

- SR. ALCALDE.- Pasemos á seguinte pregunta.

“ 2.- Por qué se tarda máis de quince días en repoñer unha lámpara do alumado público cando un veciño dá aviso de que está fundida? ”

- SR. ALCALDE.- As lámpadas repóñense cando hai varios avisos á vez para facelos todos xuntos e aforrar cartos e vense facendo cada quince días máis ou menos.

- SR. ALCALDE.- Pregunta se hai algunha pregunta máis, xa que presentadas por escrito non hai ningunha máis.

- SR. LÓPEZ LÓPEZ, PARTIDO POPULAR.- Di que non.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Pregunta cando se van abrir os sobres do cambio do nome da rúa.

- SR. ALCALDE.- Resposta que non pode dicir unha data concreta, ten que falar coa Secretaria para ver se falta algún trámite burocrático, en caso de que non falte nada, abríranse seguramente este mes.



Concello
de Samos

Pz. de España, s/n

27620 Samos (Lugo)

Telf./Fax 982 546002 / 982 546122

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente dáse por rematado o acto, sendo as trece horas e trinta minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como Secretario DOU FE.

O Presidente,

O Secretario